

Cartas A costa galega no
Arquivo Pacheco
de punto maior

MUSEO DO MAR DE GALICIA
24 de xuño · 9 de outubro



DOSSIER

**TITULO EXPOSICIÓN: CARTAS DE PUNTO MAIOR.
A costa galega no Arquivo Pacheco**

24 de xuño — 9 de Outubro

Comisariado Vítor Vaqueiro

Proxecto expositivo Pilar F. Abades , Pablo Prado

Dixitalización e retoque Isabel Llantada

Deseño gráfico DON, Gráfica contemporánea

Montaxe expositivo Producións e Xestión Cultural

Positivado Laboratorio Extra-Color

Montaxe fotografías Decoraciones del Noroeste

Colaboración documental Agrupación Cultural “Nós”, Manuel Álvarez López, Xesús Cancelas Franco, Emilio Cordero Vilán, Juan Francisco Crespo Abalde, Manuel Domínguez, Francisco Medina López, Manuel Méndez Fraguas, Antonio Núñez Blanco, Inmaculada Peniza González, Manuel Pérez-Castiñeira, Juan Varela, Xosé Carlos Villaverde Román,

Organiza Museo do Mar de Galicia
Arquivo Pacheco

Patrocina Museo do Mar de Galicia

COMPOSICIÓN:

85 fotografías temáticas sobre a costa galega (maioritariamente de Vigo e Bouzas) do Arquivo Pacheco feitas entre 1895 e 1960 principalmente por Pacheco. Asemade inclúe dúas fotografías de Filippo Properi.

BIOGRAFÍA DO AUTOR

Xaime de Sousa Guedes, Pacheco

(Freixo de Espada à Cinta, Trás-os-Montes 1878 - Vigo 1954)

Iniciouse na fotografía co seu irmán Xosé en Ourense e formou (1899) unha pequena e breve sociedade cinematográfica con Xosé Gil, con quen realizou diversas exhibicións en Celanova, Verín, Braga, Porto e Lisboa. Asociouse en Vigo (1907) co estudo fotográfico de Cándida Otero, viúva de Filippo Prospero. Co pasamento desta (1915), a galería Viúva de Prospero-Pacheco pasou a ser de propiedade exclusiva de Xaime. Moitas das fotos realizadas por Filippo e Cándida foron posteriormente utilizadas por Pacheco, que continuou o catálogo de retratos e vistas da cidade que iniciara o fotógrafo italiano. Colaborador gráfico de Faro de Vigo, ABC, Blanco y Negro, Vida Gallega e, sobre todo, de El Pueblo Gallego, especializouse en retratos de estudo de xente anónima ou de persoeiros, como Carlos Maside, Ramón Cabanillas, Luís Seoane, Martínez Garrido ou A. Castelao, co que se converteu nun dos máis destacados de Vigo e de Galicia. O seu traballo, realizado cun amplo equipo de colaboradores e que quedou recompilado no Arquivo Pacheco, caracterizouse polo emprego da fotografía como memoria social, especialmente da cidade de Vigo, ao longo de tres cuartos de século. Colaborou na ilustración de obras como Catálogo de Vigo (1922) e Vigo en 1927 (1928), editadas por Xosé Cao Moure. Tras o seu falecemento, os seus fillos Alberto e Xaime continuaron co mesmo labor no estudo fotográfico.

CARTAS DE PUNTO MAIOR

*Vigo está tan lonxe
que se desorientaron as cartas mariñas*
Manuel Antonio. De Catro a catro, 1928

A diferenza dos mapas, as primeiras cartas mariñas non tentaban dar unha visión exacta e precisa dos mares: cumpría con que amosaran os elementos indispensábeis para levar a cabo unha navegación: ventos portantes, correntes ou a localización de accidentes xeográficos, como illas, ou a costa. Precisamente naquelas zonas costeiras que se usaban para marcacións ou na proximidade dos portos a información aumentaba, incluíndo nomes, batimetrías, baixos, rompentes, enfilacións, perfil da costa... todos os detalles necesarios para chegar a bo porto. Mesmo as veces a escala destas zonas era maior, polo que adoitaban dar unha imaxe que parecía distorsionada. Nada máis afastado da realidade: salientaban o imprescindible, aquilo que obxectivamente servía para navegar e pilotar unha embarcación, sen achegas superfluas. Non entanto, co tempo comezaron a facerse cartas para navegación costeira e de acceso aos portos. Son as *cartas de punto maior*; aquelas que con minuciosidade amosan os detalles das zonas de interese.

Como cartas de punto maior, o Arquivo Pacheco, permítenos recoñecer e analizar os principais elementos que forxaron a nosa identidade marítima durante a primeira metade do século XX. Unha identidade que, como ben sinalaron Alberte Roman e Paulo Jablonski no proxecto A Memoria do Mar¹, levou ás embarcacións do areal ao peirao. Este paso crucial, de non retorno, modificou a fasquía costeira de Galicia a través da industrialización do noso litoral, co conseguinte aumento demográfico. Un camiño que comezou a finais do século XIX. *Cartas de Punto Maior*, contén unha escolma de fotografías do Arquivo Pacheco onde o protagonista é, sen dúbida, a costa. Unha costa labrada polo home que permitiu darlle sentido produtivo ás colleitas do mar, pero que tamén foi testemuña de escenas de señardade nos trasatlánticos, determinando foudas dun futuro mellor pero deixando un ronsel de lembranzas sobre a terra deixada, se cadra para sempre. Pero tamén hai encadres para o lecer. É, xa que logo, unha escolma de todas as actividades que de xeito cotián desenvólvense na costa, cuxo *efecto de borde*, determinado pola interacción terra-mar, dota a estas comunidades dunha cultura diversa, con elementos propios, baseados na súa experiencia e coñecemento, pero aberta tamén ás contribucións chegadas doutros lugares: tempos onde o mar unía. Todo un universo, unha *cultura costeira*, plasmada de xeito eficaz e artístico por Pacheco, que o propio Arquivo Pacheco e o Museo do Mar de Galicia achegan nesta mostra.

1 A Memoria do Mar foi un proxecto desenvolvido polo Museo do Mar de Galicia consistente na recollida de fotografías de álbumes familiares en 24 localidades da costa galega. Como resultado do mesmo, fixéronse tres exposicións itinerantes, tres libros e unha páxina web de consulta *on line* do fondo. Foi financiado pola Consellería do Mar.